

Saudade e emigración na poesía de Antón Zapata García

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2011 [2010]). “Saudade e emigración na obra de Antón Zapata García”. *Estudos Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*: vol. II, nº 1, 167-190. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/128>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2010). “Saudade e emigración na obra de Antón Zapata García”. *Estudos Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*: vol. II, nº 1, 167-190.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

SAUDADE E EMIGRACIÓN NA POESÍA DE ANTÓN ZAPATA GARCÍA

Miro Villar

O presente artigo percorre as liñas temáticas da saudade e da emigración na obra poética de Antón Zapata García (Laxe, 1886 – Bos Aires, 1953), alén de ofrecer unha breve biobibliografía, con especial relevo da súa intensa actividade social e cultural dentro da colectividade galega na Arxentina.

Palabras clave: poesía, emigración, Arxentina, saudade.

I. Breve nota biográfica

Antón Zapata García naceu na parroquia de Santa María da Atalaia da mariñeira vila de Laxe (A Coruña) o día 26 de febreiro de 1886. Seu pai era sarxento de carabineiros e a nai, María Josefa García Moreira, natural de Camariñas¹ era parente do poeta Eduardo Pondal. Polo tanto, o noso poeta [168] viña sendo neto dun sobriño do vate bergantiñán. De feito, na súa coñecida conferencia «Eduardo Pondal, Sentimento e Libertá da Terra Galega», sinala:

Os que o coneceron na seneitude [A Pondal] —nós, por raís consanguíña, tivemos esa grande e impagábel sorte—...

Con estudos primarios e logo de traballar nos labores do agro, en 1903, con tan só 17 anos, embarca cara á Arxentina. Nesa altura xa falecera a súa nai, feito que puido condicionar a súa decisión. A razón da súa marcha non está clara, aínda que é moi probable que os problemas do poeta e dos seus irmáns coa madrasta fosen decisivos para que primeiro emigrase o propio Antón e logo, cando xa estaba asentado, seguisen o mesmo camiño o resto dos seus irmáns e outros parentes.

Ora ben, tampouco se pode descartar que a motivación primixenia estivese no feito de que fixera xa os dezasete anos e quixese eludir a chamada a quintas coa emigración. De feito, todos os estudos realizados sobre as causas das correntes migratorias nesta época adoitan sinalar esta entre as máis importantes. Ademais, non debe ser casual que o longuísimoo poema «A crus da Rosa» relate, nomeadamente no capítulo XV, a historia dun

¹ Cando a revista *Alborada*, da ABC de Corcubión, publica o poema «Chovendo», que xa aparecera meses antes noutras publicacións, a redacción engade baixo o nome do autor: «Oriundo de Camariñas». A confusión puidera ser debida á orixe da nai, pois tanto os avós maternos de Zapata como o propio poeta naceron en Laxe.

mozo que emigra para eludir as quintas. Estes versos ben puideran basearse na propia experiencia autobiográfica, malia que unha advertencia inicial sinala:

Todol-os persoaxes que figuran con nomes ou alcumes n-este poema, non alluden a ningunha persoa de real existencia, eisceizón feita do gaiteiro «O FRESCO», ao que o aitor conóceu sêndo rapás.

En 1903 Antón Zapata García chegou á Arxentina como un emigrante máis, establecéndose na capital. Na Arxentina, segundo Vilanova Rodríguez [1966: 1250], Antón Zapata García traballou como empregado de comercio e como «tenedor de libros»². Sinala tamén que axiña empezaría a compoñer versos e a escribir artigos, con preferencia de tema galego. As primeiras colaboracións das que temos noticia son os poemas publicados durante 1913 en *Suevia*, «Revista Gallega Regionalista»³, cos que se iniciaría a súa presenza en moitas cabeceiras da colectividade galega na Arxentina.

A súa traxectoria poética vaise consolidando, aínda que nos primeiros momentos escribe máis en castelán que en galego, e o 13 de novembro de 1920, no bonaerense Teatro Colón, Antón Zapata García recibiu unha Mención Honorífica, en forma de Flor Natural, nos Xogos Florais convocados pola Casa de [169] Galicia de Bos Aires, polo seu poema galego «Volvoretas». Este texto é unha glosa do poema «¡Ai!...» incluído en *Aires da miña terra* de Curros Enríquez.

No eido social, participa na fundación dunha institución social e cultural denominada «Club Gallego», xunto a persoas como Eduardo Blanco-Amor, aínda que pouco despois debeu afastarse da organización, en desacordo coa súa liña de actuación.

Desde 1928 ata 1934, data na que foi expulsado, traballa arreo na Asociación Benéfica y Cultural (ABC) del Partido de Corcubión, chegando a dirixir a súa revista *Alborada*. Este activismo posibilitará unha relación con importantes persoeiros como o xa citado Blanco-Amor, Ramón Suárez Picallo ou Castelao. Así, *Céltiga* publica a mensaxe que os «céltigos»⁴, entre os que está Zapata⁵, lle remitiron a Castelao para manifestarlle a condolencia pola perda do seu fillo.

En 1929, unha nova⁶ publicada no *Correo de Galicia*, dá conta da iniciativa conxunta de Antón Zapata García, Francisco Regueira e Manuel Oliveira, de crearen unha entidade, a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudios Gallegos. O labor da entidade non estivo exento de controversia.

Antón Zapata García continuaba a ser un importante referente, ata o punto de que a súa participación como poeta era requirida polas sociedades máis dinámicas da colonia galega na Arxentina e pola Federación de Sociedades Gallegas. Nesa altura o noso poeta xa militaba na arredista Sociedade Nacionalista Pondal (SNP). Durante 1932 o tensionamento

² *Diccionario da RAE*: «El que tiene a su cargo los libros de cuenta y razón en oficina pública o particular».

³ Trátase de tres textos, o primeiro deles intitulado «A casa d'o poeta Pondal» no nº 7, 24 de maio de 1913.

⁴ A tertulia dos «céltigos» desenvólvese na cafetería La Armonía, na bonaerense Avenida de Mayo, da man de Ramón Suárez Picallo, daquela codirector de *Céltiga*. Ademais de Antón Zapata, asistían regularmente Antón Alonso Ríos, Eduardo Blanco-Amor, Eliseo Pulpeiro, José Ramón Lence, Domingo Rial Seijo e outros. *Cfr.* Marivel Freire Freire, «Avelino Díaz e Castelao» en VV. AA. [1999: 341].

⁵ Núñez Seixas [1992: 183] sinala que algúns «céltigos» entre os que se atopan Manuel Oliveira, Eliseo Pulpeiro e o propio Zapata van militar ao mesmo tempo na Sociedade d'Arte Pondal, fronte á maioría que se dedicarán a traballar no seo da FSGAyC e no seu semanario *Galicia*.

⁶ *Cfr.* «Para ayudar al Seminario de Estudios Gallegos. Creación de una entidad cultural», *Correo de Galicia*, nº 1218, Bos Aires, domingo, 26 de maio de 1929. Vilanova [1966: 1401] sinala erradamente o 15 de maio de 1930 como data de constitución da ICG, retrasando un ano a súa creación.

político entre os diferentes sectores da Institución Cultural Gallega rebenta en sucesivos enfrontamentos na [170] prensa da emigración, con acusacións de todo tipo e renuncias varias. As dúas posicións máis antitéticas son a que representan por unha banda os dirixentes da Federación de Sociedades Gallegas, expresada nas páxinas do seu voceiro *Galicia*, e pola outra a que manteñen desde *A Fouce* os membros da Sociedade Nacionalista Pondal, que malia seren dentro da Federación a minoría discordante, porén tiñan o control da Institución Cultural.

Envolta na polémica, a Institución Cultural atravesaba unha profunda crise como o demostra o feito de se produciren varias baixas significativas. En 1934 Antón Zapata García vai ser designado presidente, continuando a ser notoria a presenza de destacados membros da Sociedade Nacionalista Pondal, que así continuaban a ‘controlar’ esta agrupación. Este ascenso vai coincidir no tempo coa súa defenestración na ABC do Partido de Corcubión, que o expulsa, por maioría de votos e por problemas internos, na última asemblea de 1934. Tras a expulsión da ABC de Corcubión axiña vai seguir un camiño semellante na Institución Cultural Gallega, aínda que desta volta por causas esóxenas e non endóxenas. Tanto é así que o feito que provoca o seu afastamento vai acontecer en Galicia. En Ponteceso realízase unha homenaxe a Pondal con motivo do centenario do seu nacemento, no que o presidente do SEG pronunciou un discurso en castelán. Este feito provocou unha enérxica reacción na colectividade galega, nomeadamente desde o arredismo⁷ nucleado en torno á Sociedade Nacionalista Pondal, que no seu voceiro cualifica de ‘inxustificable’ a pasividade dos galeguistas e nacionalistas que estiveran presentes no acto, pois:

A ponderazón e as boas maneiras nos feitos e nos ditos, folgan quando se produce un caso d’esta natureza. O que compría, o que estaban obrigados a facer os que na vergoñosa emerxenza “tragaron saliva”, era protestar, impedir que ese señor desleigado e sinvergonza rematase o seu discurso.

Como xa sabemos, os arredistas exercían unha importante influencia sobre a Institución Cultural Gallega, protectora do Seminario de Estudos Gallegos, e levan a súa reprobación a esta entidade, mais Antón Zapata García, que era o presidente naquela altura, impide calquera agravio contra o presidente do SEG por mor desa pouco afortunada intervención na conmemoración do centenario pondaliano. Este xesto vai provocar unha durísima campaña dos seus ex-compañeiros para conseguir a súa dimisión e perante os ataques Antón Zapata García presenta a súa renuncia.

O levantamento fascista do 18 de xullo de 1936 altera toda a dinámica societaria na Arxentina, que agora se vai envorcar na solidariedade e no apoio [171] material cara ao goberno democrático republicano. A celebración das datas patrióticas⁸ intensificouse e déuselle máis forza ao seu contido reivindicativo. Así, o 19 de decembro de 1936, o ateneo galego Lembranzas da Terra e a Federación de Sociedades Galegas organizan un acto «Na conmemoración da traxedia da Frouseira» cun amplo programa político, literario e musi-

⁷ Cfr. «Toleranza inxustificada ante unha inxuria a Pondal», *A Fouce*, nº 79, Bos Aires, maio de 1935.

⁸ Nesa altura o galeguismo conmemoraba as datas do 28 de xuño, aniversario da aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía, o 25 de xullo, día de Galicia, posteriormente Día da Patria Galega, e o 17 de decembro, aniversario da morte do mariscal Pardo de Cela. Anos despois, en 1959, a Conferencia das Irmandades Galegas da Arxentina e do Uruguai, celebrada en Bos Aires, instituiría o 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos ou Día da Galiza Mártir para lembrar a data exacta na que fora asasinado Bóveda, pois xa se viñan realizando actos de homenaxe cada 18 de agosto.

⁹ Cfr. «El homenaje a la memoria de Pardo de Cela. Fué celebrado el sábado pasado en nuestro local», *Galicia*, nº 500, Bos Aires, domingo 27 de decembro de 1936.

cal⁹. A presentación é realizada por Avelino Díaz, «con un discurso en el que puso de manifiesto la similitud de aquella tragedia con la que actualmente sufrimos». Tamén se representa a peza teatral *Xente de lei* de Xesús Calviño de Castro e o coro interpreta varias composicións poéticas deste último, de Cabanillas, de Avelino Díaz e de Antón Zapata García. O seu poema «Suidade...», con música do mestre Suñer, é cantado por solista e coro. Pecha o acto Eduardo Blanco-Amor, que é presentado como director do *Galicia*, quen fala sobre o Mariscal Pardo de Cela.

A crueza da guerra civil española e, sobre todo, a represión desencadeada polos falanxistas en terras galegas serán decisivas para que o estro poético de Antón Zapata García se volva máis comprometido. De feito, o seu poema «Na morte de Lexandro Bóveda», publicado no *Galicia* o 27 de xuño de 1937, convértese na primeira composición en galego que evoca o asasinato do secretario de organización do Partido Galeguista¹⁰.

En 1942 concorre ao certame convocado pola Junta de Selección de la Agrupación Democrática del Espectáculo Público, tamén denominada Junta de la Victoria, no que se premiaba o mellor Himno a Stalingrado, co obxecto de conmemorar a defensa desta cidade cando a invasión da Alemaña nazi na 2ª Guerra Mundial. O poema de Antón Zapata García, co título referido, é elixido como o mellor entre os numerosos participantes. Aproveitando a sona que lle outorgaba o premio, a Irmandade Galega organízalle unha homenaxe¹¹ «pol-a sua meritoria laboura como poeta e como galeguista».

[172] Nesta época Antón Zapata García xa tiña moitos problemas de saúde, que o acompañaron durante os anos finais da súa vida. Cando estaba restablecido das súas doenzas, o poeta era un concorrente habitual dos actos patrióticos. Entre eles salienta a súa participación, en xullo de 1944, no concorrido homenaxe a Castelao que a colectividade galega organiza con motivo da recente edición polo Centro Orensano de Buenos Aires da súa obra de pensamento político *Sempre en Galiza*. A asistencia a este acto é numerosísima¹², coa presenza dos deputados galegos Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde e unha nutrida representación do goberno republicano e das autonomías catalana e vasca no exilio, das asociacións da colectividade galega na Arxentina, no Uruguay, Cuba, Puerto Rico, México, Nova York e o Brasil. O noso poeta aparece na nómina dos «inteleutaes e artistas galegos», xunto a Rafael Dieste, Manuel Colmeiro, Luís Seoane, Arturo Cuadrado ou Emilio Pita, entre outros.

Novamente vai ser unha homenaxe, desta volta a Manuel Prieto Marcos¹³ pola publicación do seu libro *Versos en gama de gaita*, o seguinte acto de importancia no que testemuñamos a asistencia do noso poeta, acompañado pola súa dona, e ocupando a cabeceira da mesa xunto ao homenaxeado e a Castelao, Alonso Ríos, Elpidio Villaverde, Domingo Maza, Luís Seoane, Manuel Puente, Avelino Díaz, Calviño de Castro e unha nutrida representación galeguista. A cea, organizada polas Mocidades Galegas, tivo lugar o 2 de setembro de 1944 no Centro Ourensano. Despois de que Seoane, ilustrador do libro, agasallara a Prieto Marcos cun gravado de madeira, e tras un breve saúdo dun membro das

¹⁰ «Hoxe por hoxe, a primeira elexía a Bóveda da que temos noticia é a de Luís Seoane titulada «A Alejandro Bóveda, fusilado» (*Galicia*, Buenos Aires, 20-12-1936); a primeira en galego, segundo os nosos datos, é «Na morte de Lexandro Bóveda», de Antón Zapata García (*id.*, 27-6-1937)», en Alonso Montero [1996].

¹¹ Cfr. «Irmandade Galega. Continúase en forma activa a orgaización d-un Banquete en homaxe ao Poeta galego Antón Zapata García», *Galicia*, nº 808, Bos Aires, sábado, 5 de decembro de 1942.

¹² Cfr. «A Cabeceira do Banquet», *A Nosa Terra*, Bos Aires, nº 429, 25 de xullo de 1944.

¹³ Cfr. «Cen galegos de ferro asistiron á cea en honor de Prieto Marcos», *Galicia*, nº 870, Bos Aires, sábado, 9 de setembro de 1944.

Mocedades, intervén Antón Zapata García para glosar a obra poética do homenaxeado, mentres que Alonso Ríos se centra na gabanza do labor patriótico desenvolvido por Prieto Marcos.

Na altura Antón Zapata García aparece na composición de «Membros do Consello Ourentador da Irmandade»¹⁴ para o bienio 1946/1947. A relación está encabezada polos deputados Castelao, Elpidio Villaverde e Antón Alonso Ríos, e nela figuran os nomes máis importantes na colectividade galega da emigración e do exilio, como Núñez Búa, Manuel Puente ou Ramón Rey Baltar, entre outros.

A enfermidade creba a saúde de Antón Zapata García e, á idade de 67 anos, tras varios meses convalescente, falece en Bos Aires o día 20 de xuño de 1953, malia que a acta de defunción indica que o óbito se produciu o día 21. En sinalar o día anterior coinciden os xornais da diáspora.

[173] Postumamente, nos primeiros meses de 1954 publícase o seu único libro *A Roseira da Soidade*, cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo, que se vira obrigado a refacer ao coñecer a morte do poeta e ao que pón remate no nadal de 1953. Aos 72 poemas do libro hai que xuntarlle unha colección de textos dispersos nas publicacións periódicas que foron compilados na nosa Tese de Doutoramento, *A poesía de Antón Zapata García. Edición e estudo* [2008]. De feito, as referencias aos textos manteñen a numeración que os poemas teñen na devandita edición da poesía completa.

II. A nostalxia da Terra: a soidade ou saudade

A obra poética de Antón Zapata García caracterízase, de primeiras, polo seu autobiografismo, xa que en moitos dos textos o *eu poético* é un trasunto do propio poeta que expresa as súas vivencias persoais.

Malia a heteroxeneidade e a ausencia de unidades temáticas xa subliñadas, existe unha trabe simbólica que alicerza a estrutura do libro e que xa se intúe desde o propio encabezamento, *A Roseira da Soidade*, no que se simboliza a perda, mais tamén desde o paratexto da «Adicatoria» nunhas palabras escritas polo poeta no mesmo ano de 1953: «A miña Nai Galiza e aos meus irmáns galegos, dende Bós Aires, dempóis d-unha ausencia de cincuenta anos emigrado»... Soubo ver isto moi ben Ramón Otero Pedrayo no longo prólogo do libro do que salientamos esta extensa citación, na que tamén saen a relucir as reflexións de Ramón Piñeiro e de Domingo García Sabell sobre a saudade.

Voltando á idea centrosa do libro, imaxen ricaz do vivir do poeta, descóbrense outravolta o símbolo inmorrente e gasalleiro, como no ilustre Ramón Cabanillas, da roseira xiada por o amor frolecida. Igoal nas sagas e nos canzoeiros, nos camiños da pelerinaxe románica e no ámpido das aldeas esmaltadas como altares barrocos cos seus cruceiros e seus pazos, a roseira de caridosa sávia e zume responde ás estaxes de penitencia e espranza e ós bicos de apaixonado namoramento. Coma nos feitíos dos libros clásicos, un soneto franquea —porta desmariado feita e pequeneira— as polifonías e venturanzas de «A Roseira da Saudade»:

¹⁴ Cfr. *A Nosa Terra*, nº 448, Bos Aires, xuño de 1946.

«Abrazada da crús do sofrimento
que a longa emigrazón lle puxo â veira,
fôï tecendo suidades a roseira
c-un dagoro sinxel d-enfroramento...»

Poeta Antón Zapata, e como leial e sincero, home de saudade. Pescudando nos axeitados estudos de Ramón Piñeiro, de Domingo García Sabell, houber sido fermoso o descubrimento de cal xénero de saudade, en [174] que lírica dimensión impoñe sobre as máis no ser de Zapata e tamén como da outa vivenza —door e gloria— do poeta pódese tirar unha esencia, ou un puro reflexo conceitoal pra a fina e trascendente arquitectura da metafísica da saudade. Poetas e filósofos irmáñanse en coloquio sobor da saudade, a xugada por pseudofilósofos de outro tempo e terra febreza do espírito das xentes de Oicidente e doenza laiante dos galegos. O cumio deica hoxe do estudio teórico da saudade atópase na tesis de Ramón Piñeiro: «que arrincando do sentimento de saudade e a través da súa perspeitiva sentimental o ser do home tén un sentido ontolóxico positivo: a realización da libertade». Cecáis un análise detido houbera probado e contrastado aquila ergueita tesis no vivir e na obra de Zapata. E non menos veríanse selados en eispreza os pensamentos de García Sabell. Dí o xoven mestre da mocidade galega: «Y cada una —la ironía y la saudade— será en su ámbito un poderoso y oculto estímulo para la fértil dinámica creadora del alma de Galicia».

A temática da saudade ou soidade aparece tamén deliñada nos encabezamentos de cinco poemas do libro: «A Roseira da Soidade»; «A campana da Soidade»; «Suidade»; «Dorna saudal» e «Praias da Soidade»; ademais doutro poema en castelán «Saudades», que ten a súa importancia reseñar por se tratar do segundo poema publicado, na orde cronolóxica, aparecido en *Suevia*, «Revista Gallega Regionalista», Bos Aires, nº 8, 14 de xuño de 1913, aínda que datado polo autor un mes antes, no que chora a morte da súa nai e a imposibilidade de estar a carón do seu sepulcro na hora do soterramento.

Outros poemas onde a saudade é o fío argumental, son o soneto «Lar», dedicado á sociedade galega que editaba a revista do mesmo nome na que se publica o texto; o soneto «Chovendo», que narra como a chuvia se irmana coa nostalxia propiciando un dorido e triste momento de lembranza; o soneto «Meu padriño», que conta a historia real de Laureano Carril, alcumado «O Roxo», padriño do poeta, un home que «sulcáu os mares todos n-un branco bergantiño...» e como a saudade fixo que retornase a Laxe «xa mui canso do mundo e facer cabotaxe»; o poema «Ao marchal-os barcos» que relata a soidade producida na voz poética cando, nos peiraos da cidade bonaerense, contempla como retornan os barcos trasatlánticos á Terra sen que poida embarcar para o seu regreso: «Marchan os barcos, / e, n-eles, vãn / miñas soidades / pra o meigo lar» e envexa ás brancas gaiotas que os seguen.

Outra boa proba da preponderancia da temática da saudade é o feito de que esta palabra ou as súas variantes e derivados sexan, con certeza, os termos máis reiterados nos poemas e a maioría pertencen a composicións incluídas no libro *A Roseira da Soidade*. Velaí *saudade*; *saudades*; *saudal*; *soidá*; *soidade*; *soidades*; *soidadoso*; *soidosa*; *soidosas*; *soidoso*; *suidá*; *suidade*; *suidades*; *suidosa* ou *suidoso*.

[175] Como tamén o son os termos referidos á emigración: *emigración*; *emigrado*; *emigrador*; *emigradora*; *emigrados*; *emigramos*; *emigran*; *emigrante*; *emigrantes*; *emigrar* ou *emigrazón*; formas cos prefixos *-in / -i*: *inmigraron*; *imigrano*; *imigrantes*; *imigraran* ou *imigraron* ou formas con aférese: *migra*; *migraba*; *migrado*; *migran*; *migrante*; *migrantes*; *migraran*; *migratoria*; *migrazón*.

De feito, nunha das cartas ao editor Manuel Roel Longueira o poeta confesa:

No meu poema o “Herbedeiro de Lourido”, e, tamén, n-outro -“O FARO”-, fago menzón do meu arraigado sentimento de podere voltar. Nos “Pinales da lembranza”, aínda sinto zoar os seus arumes...

Esta saudade, que se produce na emigración, vai moitas veces acompañada dunha dor emocional, xa desde os versos iniciais do libro: *Abrazada da crus do sofrimento / que a longa emigración lle puxo â veira*.

En ocasións, a saudade é dos elementos da natureza e da paisaxe que nos levan, de maneira inequívoca ao *locus amoenus* da infancia e da mocidade. Así, no poema «O herbedeiro de Lourido» lembra a desaparición dun érbedo entre Lourido de Abaixo e o de Arriba, mais tamén os lugares de Romea, Serantes, Quelabanda (hoxe, Calabanda) e Carrabete, Tella ou a vila de Baio, para rematar con versos definitivos do seu afastamento na emigración: *je hoxe lémbrote a ti, dende o estranxeiro, / teu fin sabendo!, ¡¡triste!!...* No poema «Os pinales da lembranza» son estes de Carrabete, Quela Banda (hoxe, Calabanda), Soesto e San Simón de Traba, por unha banda da ría, ou Frexufre, San Pedro e Cándoa (Cánduas), pola outra, os que se lembran: *Lonxe, lonxe, pol-a América, / voso zoar me acompaña...*, ademais de incluír unha referencia sobre o falecemento da súa nai e outra exacta sobre o tempo da ausencia: *Trintadós anos sin vêr-vos, / je aínda zoades na miñ-alma!*, pois o poema publicouse por vez primeira en 1935 e, como sabemos, o noso poeta chega a Bos Aires nos albores de 1903.

Outro lugar evocado da infancia é o paraxe descrito en «Pedras de Besugueira», onde canta as peculiaridades deste lugar da costa de Laxe: *pedras que, n-outros xornos, de pequeno, / tamén piséi, descalzo, / pra coller a mantenza das patacas, / das coles e dos nabos, / enclavándolle o enciño, ¡coma un home!*.

Noutros son evocados lugares aínda non coñecidos, como sucede en «Sarandóns», berce dos avós paternos do poeta, no que coñecemos moitos datos autobiográficos e que, na estrofa final, serve para anunciar o desexo de retornar e coñecer a casa dos avós, feito que nunca chegou a se consumir pois o poeta nunca puido regresar. Ademais, nesta estrofa ollamos unha visión moi positiva e agradecida da emigración pois sinala: *d-esta grande Bós Aires / â que dín meu suor / e a quen muito ben quero / pol-os bens que me dóu*.

Así a todo, estamos perante unha das obsesións recorrentes para a *voz lírica* desde a antigüidade clásica, que se veu reescribindo ata o noso presente [176] histórico con diferentes modulacións. Alén doutras mostras, as literaturas galega e portuguesa ofrecen numerosos testemuños sobre a presenza da saudade ou soidade¹⁵.

¹⁵ De feito, arredor da data de publicación do libro *A Roseira da Soidade* tamén se publican os ensaios *Saudade, Misticismo e Amore* [1952] de Antón Alonso Ríos e *Arredor da Saudade* [1954] de Lois Tobío Fernández. E lembremos que Ramón Cabanillas, un poeta moi lido por Zapata, dedica o seu discurso de entrada na RAG en 1920 ao tema. Cfr: Cabanillas, Ramón (1994) [1920]. *A saudade nos poetas gallegos. Discurso lido por Ramón Cabanillas o día 31 de agosto do ano 1920, en que se celebrou no Balneario de Mondariz o seu recibimento na Real Academia Galega e contestación de Eladio Rodríguez González, Segretario da Academia*. Edición de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Caba-leiro. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Inclúe Edición Facsimilar. A Coruña: Tipografía El Noroeste.

III) A emigración

En relación coa temática anterior existen varios poemas que teñen como eixe central unha visión particular da emigración. Esta temática tivera un importante tratamento lírico en poetas como Rosalía, Curros e Cabanillas. Porén, deixara de ser motivo literario nos poetas da chamada xeración das vangardas ou de 1925, agás en Manuel Luís Acuña. Malia outras excepcións, como un dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca, a lírica sobre o éxodo atopa a súa mellor expresión naqueles escritores que estiveran ou estaban aínda na emigración, como Luís Seoane, por citarmos un nome abondo representativo.

O mellor exemplo desta liña temática está no dramático relato da desfeita dunha parella por mor da emigración do longo e coral poema narrativo «A Crus da Rosa», que leva o significativo subtítulo de «Lênda do amor fidel». Aparece dividido en XXI capítulos ou fragmentos, e xa o primeiro remata advertindo do despoboamento de Laxe por mor do feito migratorio: *mais esperta inquedosa a nobre vila / d-un mal soño de engados e de espiños / que a despova, emprobece i-aniquila: / ¡Vân, pra a Cruña, imigrantes, des veciños!...*

Pouco despois, xa no capítulo II, mestúrase a dor e a mágoa dos familiares dos que parten coa descrición das promesas que causan a emigración. Velaí estes versos:

60 Hai no ambiente fondas mágoas, saloucos, algunha queixa
 dos que fican bagullando, do que da vila se aleixa
 cicáis pra sempre, camiño de outras terras onde poida
 ganhar o pan máis abondo, porque pensa, porque coida
 que é verdade o negro engano das riquezas de outros lares,
 Eldourados, Potosíes, que, surxindo tral-os mares,
 miles sésamos abriron pra o que arela o Velociño,
 anque nunca, xamáis chegue... ¡anque morra no camiño!

[177] Tamén no fragmento VII, no que se describen polo miúdo as faenas e a riqueza que pode fornecer a pesca, hai unha referencia a non abandonar este sector produtivo: *¡indo a buscar no estranxeiro / o que tén a propia casa!, pois —¡Hoxe hai peixe como area!—.*

No seguinte (VIII), aparece un novo personaxe, de nome Barlovento, amigo de Gundar, o mozo de Rosa que emigra, caracterizado coma unha persoa que perde o seu ánimo e anda triste e serio pola ausencia dos ‘irmáns’, pois: *El, tamén, fái algúns anos, fóise á América / coa ilusión de máis ganhar; / pro tornóu enfermo e probe, sin espranzas / de poder ganalo pan.* E que os trata de convencer para que non emigren, sen ningún éxito. pois na súa voz temos estes versos abondo esclarecedores:

545 »Eisí fóronse des mozos, des carballos
 d-este noso Patrio Chan;
 outro día serán catro..., sete..., doce...;
 máis adiante... ¡vinte máis!...
 »Eisí iráse, pouco a pouco, a xuventude,
 a galega fror lanzal...
 ¡Queira Deus que tal engado desapareza
 e non xurda endexamáis!...

De feito, no seguinte fragmento (IX) aparece unha definición precisa do drama colectivo da emigración: —*¡Galiza, fonte que sangra!—.*

Unha emigración que precisaba dun primeiro paso, desprazarse até un dos peiraos dos que partían os enormes trasatlánticos, episodio que o Gundar vai vivir na cidade coruñesa (de novo outro dato que fai ao protagonista do poema un trasunto do autor), e do que empeza a falarse no capítulo XI. No seguinte fragmento Rosa reza as súas oracións —«*Por todol-os galegos que inmigraron / na procura de un ben que eiquí xa tiñan*, e que morreran na emigración, londe da terra e sen poderen retornar. No capítulo XIV Rosa deixa a romaría da patroa de Laxe, Santa María (15 de agosto) para tentar ver desde unha atalaia, «Pedra da Vela», o paso do barco trasatlántico que leva a Gundar para América e como acende unha ‘fogata’ para facerse ver, mais: *A seirán xa morre... Non sulca unha vela / por diante da costa que Rosiña vê, / e vóltase â vila a noiva sinxela, / vertendo máis bágoas, perdidal-a fé...* No seguinte fragmento (XVI) coñecemos as razóns da demora, que adoitaba ser habitual na época e que tamén posúe todas as trazas de ser un episodio totalmente autobiográfico. Así, sabemos que: *A posterga que sofre o trasatrante / deica ao seguinte día, / por mor dos cartafoles de embaixadas / que, de Madri, non viñan*. E continúa a narrar o medo do protagonista de que os gardas o prendesen e aquí, de novo, aparece-**[178]**ce a causa da emigración: *anque xa lle pagara a un quitacomas, / a un cacique e a un escriba, / a coima dos embrullos pra, «pol-a alta», / embarcal-o, bulrándose das quintas*. A travesía relátase despois (XVII): *cando o «Alquimán» sarpaba da Capital Galega, / deixando por babor a brava «Punta Herminia», / o «Orzán» e a «Torre de Hércules» —¡de Breogán a insinia!—*, mais tamén aparecen nomeados as Illas Sisargas, o Roncudo, a Insua (Punta Laxe), Faro Vilán ou o cabo Fisterra, e tamén as vilas de Camariñas, Muxía e Fisterra, antes do momento no que o barco: *¡enfióu na media noite a proa ao Novo Mundo!...* No capítulo XVII nárrese o fracaso emocional e persoal de Gundar, que xa levaba seis meses emigrado: *Esmolando traballo nos comercios / de tendas e almacéns, / arribaba decote nos baixíos / dos negreiros sin lei*. A situación era difícil, *pois a guerra¹⁶ cegara moitas fontes / de traballo*, o que nos permite situar a acción por volta de 1914. (Lembremos que o autor emigrou nos albores de 1903). Tamén se fala das solicitudes que Gundar lle facía a calquera veciño que retornase para que nada lle dixese a Rosa da súa dramática situación e cóntase como os seus veciños xuntaron os cartos para mercar a súa pasaxe de retorno, episodio que se detalla nunha conversa no fragmento XVIII, mais no seguinte capítulo Gundar morre na travesía de regreso: *Despóis de trinta días de viaxe, / —¡coma un fardo calquer!—, / n-un negro cubichete de terceira / ao cuitado laxés, / pecháronselle pra sempre os verdes ollos*. E un ‘fardel’ co corpo do mozo foi guindado ao mar. A morte de Rosa e a lección moral que se converte en lenda ocupan os dous últimos fragmentos, onde aparece unha última reflexión sobre o feito migratorio: *Quezáis as mozas lembran aos noivos que imigraron, / e seu amor comparan cô amor de tâl muller, / pois coidan que finándose os que as apalabraron, / tamén, elas, en pena, se cheguen a morrer...*

Outro poema de forte contido relacionado coa emigración é «Anduriñas», no que na primeira parte describe estas aves para xa na segunda comparar a súa existencia coa dos que emprenden a emigración: *¡Tal fan os emigrantes!... Pouc’a pouco, / van deixand’as casiñas d’as aldeas, / as vilas, as cibdades y-as cabanas*, nunha composición moi triste na que se fala da dor nas despedidas, mais tamén na que se analizan algunhas das causas do fluxo migratorio, neste caso a brutal fiscalidade que vai parella a unha escasa produtividade do campo, estes versos son abondo ilustrativos: *Abandonan os eidos porque coidan*

¹⁶NOTA DO AUTOR: «A guerra de 1914».

/ *que non poden pagar, ao Fisco, a renda, / pois n'o Inverno presente, c'as friaxes, / por-
drísell'a semente baix'a terra... / ¡y-embargaránll'os carros y-os trebexos, / as galiñas,
os cochos y-as facendas!... Deseguida narra como se realizan os empeños para lle mercar
o pasaxe / a un axente mais duro qunha pedra, e detalla como son as duras con-[179]di-
cións da viaxe en barco. Porén, na cuarta parte do poema prodúcese unha viraxe absoluta
e a dor é substituída por un chamamento á loita. De feito, a data de publicación (1915)
sitúa este texto no ronsel do agrarismo de Basilio Álvarez e das composicións poéticas de
Ramón Cabanillas e sorprende que tamén introduza un berro de loita característico do
anarquismo da época:*

80 —¡Est'ano somos ricos!: ¡Xá n'hai fame!...
¡Xá non marchan os probes par'Amérecal...
—¡Ouh, santa rebelión redimidora!...
¡Xerminal!, ¡Xerminal!...: ¡¡¡bendito seas!!!

Porén, noutro poema relacionado co mar, «A pauliña dos pescos», xorde unha nova
causa da emigración na vila de Laxe, desta volta relacionada cun importante problema
para os pescadores da localidade: *Emigran os peixadores / da probe vila de Laxe, / por
non ter un refuxio no inverno / que ás buquetas e lanchas ampare, sinalando os culpables
das «mil traxedias mariñantes». Nesta estrofa reiterada dúas veces: —¡Inda morran afo-
gados / os que chuchan nosa sangue, / e non fan tan siquer unha dársena / que das fortes
mareiras nos salve!...*

Emigración e mar volven a xuntarse no poema «Nai dorida», pois é evocada a dor das
nais que non deben esquecer os que emprenden o camiño de deixar a Terra. O texto pre-
séntase como unha polifonía de voces, un canto coral, no que interveñen un narrador, a
voz que representa as nais e un coro que se repite ata catro veces:

CORO
Sinte, emigrante
qu'o mar d'Atlante
vas a cruzar,
as fondas queixas
d'a nai que deixas
sin consolar!...

Na relación entre os emigrados e as persoas do seu contorno afectivo, familiar ou ve-
ciñal eran sumamente importantes as cartas, como se sinala no poema «Volvoretas», onde
estes insectos lepidópteros son metáforas de tres epístolas recibidas, do pai, dun amigo e
da moza. A parte cuarta da composición principia cunha estrofa abondo esclarecedora do
que representaban estas letras na diáspora:

105 ... As cartas que nos veñen de Galiza
sôn, tamén, volvoretas,[180]
portadeiras de bicos e agarimos
e amorosas apretas
qu-espaxen ás névoas da suidade
e o corazón retempran
pra lutar..., e vencer..., e darlle grórea
¡â nosa amada Terra!...

Ademais, a súa recepción provoca a reflexión sentimental da voz poética que soña estar no lugar natal, á beira do mar, *E ollando aos negros barcos traspondo a Baleeira, / por todol-os galegos que migran, eu choréi*. Versos que asocian, máis unha vez, o feito migratorio a unha dor emocional.

Outro poema que bebe intensamente da propia experiencia persoal e no que atopamos moitos datos é «Lembranza e loubor da Cruña». Todos estes pormenores arrincan cando abandona Laxe no vapor de carga «Victoria» que facía con regularidade o traxecto entre a vila da Costa da Morte e a cidade coruñesa. Alí chega en compañía do seu pai, que coñecía perfectamente a cidade debido a que estivera nela destinado como carabineiro. Tamén se recollen as palabras que lle dirixe o seu proxenitor antes da súa marcha, mesmo querendo influír na súa decisión para que non emigre e lembrándolle o espírito da súa nai xa falecida, ademais de lle argumentar cunha estatística: *Dos que emigran, ¡meu fillo!, un por cen só retorna: / os demais vãn a pique na «Saudal»... ¡probe dorna!...* O poema, que nace de ver na emigración fotografías da cidade coruñesa, remata con esta estrofa que resume as súas vivencias:

90 No relembro lonxano de outonal alborada,
a cibdade da Cruña xurde como encantada
n-unha gran lumiñaria albeiral e ilusoria,
como cando ao seu porto arribéi no «Victoria»...
je, mirando â Mariña, vexo o muelle de Ferro,
95 onde, mozo, embarquéi pra un lonxano desterro,
de un desterro alongado do que penso inda torne
i-eisí vel-a denantes de que os ollos entorne
pra enxamáis —¡ouh, cibdade co-a que soño e soñéi!—,
e que agora, xa vello, hastra a morte amaréi!...

Cómpre salientar tamén unha serie de poemas relacionados todos eles co mar que se agrupan nun parte do libro *A Roseira da Soidade* intitulada «Dorna saudal», que se inicia precisamente cun poema co mesmo título «Dorna saudal» no que esta embarcación simbólica é nomeada no primeiro verso como '*migrante nauticela*' porque exemplifica a saudade que sente a voz poética na emigración dos lugares e sensacións do mar vivenciados na infancia e na mocidade.

[181] No poema «O Faro» esta construción que guía tanto aos trasatlánticos «*no triste viacruces d-emigrante*» coma aos pesqueiros que van a Terranova, é evocada desde a emigración: *Orfo de tí, fai anos, / sin te ollar no trebón da miña vida / de suidoso emigrante*.

Tamén no poema «Ao marchal-os barcos» relata a soidade producida na voz poética cando, nos peiraos da cidade bonaerense, contempla como retornan os barcos trasatlánticos á Terra sen que poida embarcar para o seu regreso, como se sinala nos versos finais: *¡Fóronse os barcos / pra o Noso Chan, / e o pensamento / con eles vái!...*

En «Pedras de Besugueira» canta as peculiaridades deste lugar da costa de Laxe que é outro lugar evocado da súa propia infancia, para rematar con esta estrofa na que incide sobre a culpabilidade dos que emigraron:

40 Benzoadas, ¡ouh, pedras!,
que feríchedes ben meus pês descalzos,
¡queira a sorte que axiña m-ôs firades
côs dentes arneirados,
e que a sangue que salla das feridas
me redenzan da culpa d-emigrado!...

De por parte, no soneto «Praias da Soidade» que poetiza a todas as praias de Galiza, reitera a evocación saudosa dos emigrantes nestes catro versos: *¡cómo vos lembra, ¡praias!, o emigrante, / praias de media lúa ourilucente!... / ¡Cómo vos lembra sempre o navegante, / a Vía Láctea ollando fixamente!*

Nas composicións «O probe do mar» e «A volta ô povo» tamén se narra, como acontecía co personaxe de Gundar no poema narrativo «A Crus da Rosa», o fracaso dun emigrante que decide retornar, no primeiro salienta o motivo que decide retorno perante a falta de oportunidades, porque na Terra non lle ha faltar: *¡Un santo anaco de broa / e santa cunca de caldo!*; mentres que no segundo relata as penurias da viaxe: *de tér q-ir coma on feixe na bodega*, sinala que viaxa de volta tan só cun traxe e un ‘poncho’ e, na voz deste anónimo emigrante, advirte o desengano que o agarda: *¡Xa presinte na y-alma os desenganos, / xüicios e rexouvas do seu povo / sobr-os cartos que fixo en vinte anos!...*

E en «Invocación “O Caxestal”», un apóstrofe a un acantilado ou cantil da costa de Laxe, un lugar onde as ondas: *dínlle ôs tristes migrantes, / ¡ôs probes irmáns meus / que arreda o lar galego esnaquizado!*: / — *¡Adeus!, ¡adeus!!, ¡¡adeus!!,...*

Sobre o retorno, mais desta volta sen a amargura do fracaso, tamén se fala noutro poema de circunstancias escrito *ad hoc* para a revista *Alborada*, onde aparece incluído no artigo «La demostración a un viajero. D. Manuel Teijeira Hernández», que relata a homenaxe de despedida deste consocio da ABC de [182] Corcubión, no que Antón Zapata García pechou a serie dos discursos congratulatorios coa súa lectura. Con todo, nos primeiros versos semella intuírse que a causa de regreso tamén está na crise económica mundial que está a condicionar a vida das persoas, velaí como antes de lle desexar un feliz reencontro cos seus e coa Terra sinala: *¿Que o comercio n-está forte?; / ¿que non se vende xa nada, / e as cousas están que tollen...* O noso poeta fala da debilidade do sector comercial por propia experiencia.

Non é esta a imaxe que se dá en «Xan Croio», retrato irónico dun personaxe de ficción, mais representativo de moitos galegos da emigración que se converteron en ‘americanos’ e perderon a conciencia da súa orixe. Este tríptico de sonetos conta como fixo fortuna, a medida que ía medrando o seu desleigo e como non chorou ninguén a súa morte ou que, malia a súa riqueza económica, nunca se lembrou da súa aldea, malia que: *Foi dono de cen casas-rascaceos, / chalete en Mar do Prata, creto en Bancos, / forte caixa de ferro, caixóns cheos...*

Finalmente, merecen unha mención á parte as coplas da serie intitulada «Herbal Florido. Cantares galegos», concretamente a oitava, que lembra que un emigrado sempre anda co pensamento na Terra; a décima, na que sinala que o emigrante (comparado de novo coas andoriñas) non terá dita completa até retornar; a décimo primeira, na que fala da debilidade: *se a ferruxe da saudade / na emigración te consome*; na décimoterceira, que lembra o personaxe Gundar de Valarés¹⁷, do seu poema «A crus da Rosa», para aconsellar que non se emigre «*non sexa que morras lonxe*». E o mesmo acontece na outra serie igualmente «Herbal Florido. Cantares galegos», onde salienta a segunda, na que o son dunha ‘*caracola mariña*’ serve para lembrar á Nai Galiza.

De feito, tamén na emigración a morte adquire unha consideración máis alta, polo que significa o feito de morrer lonxe do chan nativo. Velaí versos coma estes do soneto «Lar»: *«LAR, ¡morno lar!», —tamén dî o labrego; / e os que antre as ondas, ou por mil camiños,*

¹⁷ Nesta copla é a única vez que escribe *Balarés* no canto do habitual Valarés.

/ frente da morte, ou sin têr achego; ou en «Nai dorida», onde se evoca a dor das nais que non deben esquecer os que emprenden o camiño de deixar a Terra: *E s'algún queda pra sempr'ausente, / —por que d'a Morte cumprío a Lei,— / sobr'este facho, mentras alente, / total'as tardes lle resarei.*

En definitiva, as reflexións sobre a saudade e a emigración aparecen ciscadas, de maneira directa ou indirecta, na obra poética de Antón Zapata García (Laxe, 1886 - Bos Aires, 1953). Malia todo isto, e se callar polo feito de publicar o seu libro *A Roseira da Soidade* en 1954, de maneira póstuma, a obra deste poeta mereceu unha escasa recepción crítica na Galicia daquela altura. Porén, na nosa opinión, estamos convencidos de que a súa poética merece [183] ocupar un lugar de destaque na nosa literatura da emigración e do exilio, que reverdece en América, por debaixo de poetas fundamentais como Luís Seoane ou Lorenzo Varela, pero na mesma altura que autores como Avelino Díaz, José Conde, Alfonso Gayoso Frías, Xervasio Paz Lestón, Emilio Pita, Prieto Marcos, Ramón Rey Baltar ou Xosé Rubia Barcia, todos eles merecedores de estudos en profundidade e de protagonizaren efemérides como o Día das Letras Galegas, data na que se teñen homenaxeado poéticas de moito menor interese e de inferior calidade estética.

1. BIBLIOGRAFÍA SOBRE ANTÓN ZAPATA GARCÍA

- Acuña, Xosé Enrique (1999). «O Xerminal de Antón Zapata». *A Nosa Terra*, nº 868. Vigo (4.02.1999): 30.
- Alonso Montero, Xesús, ed. (1996). *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)*. Vigo: Xerais. 15-18.
- _____ (1997). *Poemas ó vagalume*. Vigo: Galaxia. 37-39.
- _____ e Miro Villar, eds. (1999). *Guerra civil (1936-1939) e literatura galega. (Textos e documentos para unhas xornadas de estudio e debate)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 59-61.
- Amor Couto, Manuel (1992). «Antón Zapata García, o compromiso do poeta desde a emigración» e «A obra literaria de A. Zapata». *A Regueifa*, nº 8, Carballo, A. C. Lumieira, (1992): 23-27.
- Anónimo (1928). «Un juicio sobre nuestro poeta Zapata García». *Céltiga*, nº 80, Buenos Aires (25.04.1928). [Reproduce o artigo sen asinar «El Poeta Mariñán», aparecido en *La Razón*, Montevideo (1.04.1928)].
- _____ (1987). «Zapata García, Antonio». *Gran Enciclopedia Galega*. Xixón: Silverio Cañada, tomo XXXII (1974-1987): 247.
- _____ (1989). «Antón Zapata García». *Gran Enciclopedia Galega, Escolma da Literatura Galega, Poesía II*. Xixón: Silverio Cañada. 148-149.
- Bello Romero, Concha (1999). «Antonio Laureano Zapata y García». *Laxe, mirando al mar. Guía turística del municipio*. A Coruña: Venus. 49-50.
- Carballo Calero, Ricardo (1981) [3ª ed.]. *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Vigo: Galaxia. 606-608.
- Cela, Camilo José (1989). «Sobre el alma gallega y sus facetas (y algunas muestras de la morriña en su poesía)». *Obra completa de C.J.C., XII. Glosa del mundo en torno. Artículos 4 (1943-1961)*. Barcelona: Ediciones Destino. 690-691.

- Casas, Álvaro de las (1928). *Antología de la lírica gallega*. Madrid: Biblioteca de Estudios Gallegos.
- [184] _____ (1939). *Antología de poetas gallegos*. Buenos Aires: Sopena Argentina. 166-171.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1954). *Diccionario Bio-bibliográfico de Escritores*. Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Vol. III. 538.
- D[íaz], A[ntonio] (1942). «Agasajo ao noso poeta Zapata García». *Galicia*, nº 810, Buenos Aires (19.12.1942).
- Fernández del Riego, Francisco (1955). «Zapata García». *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia. 55-57.
- _____ (1976). «Antón Zapata García». *Antoloxía Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*. Vigo: Galaxia. 273-276.
- _____ (1992). «Zapata García, Antón». *Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada: O Castro, 2ª ed, corrixida e aumentada. 472.
- Fernández Rei, Francisco (2003a). «Os tombos e coídos de Zapata García» en «O mar e a poesía galega. Singraduras na construción da patria da lingua». *Revista Galega de Filoloxía*, nº 4. A Coruña: Universidade da Coruña. 11-57.
- _____ (2003b). «Os tombos e os coídos de Zapata García» en «*Moita costa, 'pouco' mar: O léxico mariñeiro e a construción do estándar galego*». Álvarez de la Granja, María e Ernesto Xosé González Seoane, eds. (2003). *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. 285-347.
- Fernández Rodríguez, Manuel (2006). *Poemas pola memoria (1936-2006)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 93-96; 115-121.
- Finisterre, Alejandro, dir. (¿1959?). *Poesía gallega contemporánea*. México, Ecuador 0° 0' 0"» *Revista de Poesía Universal*. 380-381.
- INLE (Instituto Nacional del Libro) (1978). *Catálogo de Libros en Galego*. Madrid: INLE. 72.
- Lanza Álvarez, Francisco (1953). «Zapata García (Antonio)». *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.
- López Fernández, Xesús (1999). «Zapata García, Antonio Laureano». *Poemas á nai*. Santiago de Compostela: Edición de autor. 417-419.
- Marqués Valea, Xulia (1999). «Antonio Zapata García». *A Literatura galega no xornal El Compostelano (1920-1946)*. Santiago de Compostela: Editorial Compostela. 42 e 198.
- Martín Gaité, Carmen e Andrés Ruiz Tarazona, eds. (1971). «Antón Zapata». *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*. Madrid: Alianza Editorial. 344-347.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984). *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais. 43 e 46-49.
- [185] Naya, Juan (1957). «A Roseira da Soidade. Poesías Galegas. Por Antón Zapata García». *La Voz de Galicia* (27.08.1957).
- Otero Guldrís, Francisco (1955). «Un poeta malgrado. El sentimiento de Galicia en Antonio Zapata». *La Noche*, Santiago de Compostela (22.01.1955).
- Otero Pedrayo, Ramón (1988). «Un Poema de A. Zapata García». *Prosa miúda. Artigos non coleccionados (1927-1934)*. Ed. de Aurora Marco. Sada: O Castro. 83-84. [O artigo fora publicado en *El Pueblo Gallego*, nº 2035, Vigo (08.10.1930) e en *Alborada*, nº 64, Buenos Aires (06.1931).

- Otero Pedrayo, Ramón (2001). «A República sen leis dos poetas e dos artistas». *Polos vieiros da saudade. Lembranzas e crónicas dunha viaxe a Buenos Aires coleccionados*. Ed. de Luís G. Tosar. Vigo: Galaxia. 279-280.
- Prampolini, Santiago (1956). *Historia Universal de la Literatura. IX. Las literaturas ibéricas*. Buenos Aires: Unión Tipográfica Editorial Hispano Americana. 532.
- Rei Lema, Xosé María (2000). *Escritores da Costa da Morte. Catálogo de poetas, narradores, ensaístas e investigadores, nados na Costa da Morte, con obra publicada en lingua galega*. Cee (A Coruña): Asociación Neria. 7.
- _____ (2001). *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*. Cee (A Coruña): Asociación Neria / Concello de Cee. 28-29 e 103-104.
- Suárez Suárez, Manuel, coord. (2001). *Actas II Simposio de Historia da Costa da Morte. Nas orixes da nosa identidade*. A Coruña: Asociación Neria / Deputación Provincial. 3 e 146.
- Torres Regueiro, Xesús (1990). «Antón Zapata García, poeta do mar de Laxe». *A Nosa Terra*, nº 418, Vigo (01.02.1990). 22. [Reproducido en *A Regueifa*, nº 7, Carballo, A. C. Lumieira (1991). 10-11.]
- _____ (1992). «Os avatares editoriais de *A Roseira da Soidade*». *A Regueifa*, nº 8, Carballo, A. C. Lumieira (1992). 28-29.
- Vaamonde, Suso (1997). «O cantar de Mari Pepa» (Letra de Antón Zapata García). *Rapaces, rapazas e rapazadas* [Gravación sonora en disco compacto]. Redondela: Trebón.
- Varela Jácome, Benito (1951). «Antonio Zapata García». *Historia de la Literatura Gallega*. Santiago de Compostela: Porto y Cía. 435.
- _____ (1993). «Escritores galegos en América». Peña Saavedra, Vicente, coord. (1993). *Galicia- América. Relacións históricas e retos de futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 83-105.
- Vilavedra Fernández, Dolores, coord. (1995). «Zapata García, Antón». *Diccionario da Literatura Galega, I. Autores*. Vigo: Galaxia. 625.
- Vilanova Rodríguez, Alberto (1966). «Antón Zapata García (El poeta de las sanas rebel-días)». *Los Gallegos en La Argentina*. Buenos Aires: Galicia. Vol. II. 1250-1253.
- [186]** Villar, Miro (2000). «Do ‘secuestro’ á censura, a intrincada historia editorial do libro *A Roseira da Soidade* de Antón Zapata García». Álvarez Blanco, Rosario e Dolores Vilavedra, eds. *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Vol. II. 1589-1601.
- _____ (2004). «Traxectoria biográfica de Antón Zapata García (1886-1953)» e «A intrincada historia do mecanoscrito *A Roseira da Soidade*: do secuestro á censura». Zapata García, Antón. *A roseira da soidade. Poesías galegas*. Vigo: Xerais / Concello de Laxe. Edición facsímile.
- _____ (2007). «Antón Zapata García e os exiliados galegos». *O exilio galego. Actas do Congreso e Repertorio Biobibliográfico. Congreso Internacional. 24 ao 29 de setembro de 2001*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Formato Disco Compacto.

2. BIBLIOGRAFÍA SOBRE A EMIGRACIÓN

- Abellán, José Luis, dir. (1976-1978). *El exilio español de 1939. Volume I: La emigración republicana de 1939, Volume II: Guerra y política, Volume III: Revistas, pensamiento, educación, Volume IV: Cultura y literatura, Volume V: Arte y ciencia e Volume VI: Cataluña, Euzkadi, Galicia. (Cataluña, Euzkadi, Galicia)*. Madrid: Taurus.
- Alonso Fernández, Bieito (1992): «Letras na emigración. Cultura para a terra de orixe e editoriais no exilio», *Cadernos A Nosa Terra*, nº 13, xullo / 1992. 27-32.
- _____ (1994). *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*. Santiago de Compostela: Laivento.
- _____ (1994). *A emigración galega a América 1860-1960*. A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).
- _____ (2000). *O exilio de Castelao*. Vigo: A Nosa Terra.
- Alonso Montero, Xesús (1977). «A emigración nalgúns poetas nosos do XIX e do XX» e «Literatura galega na Galicia emigrante». *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*. Madrid: Akal.
- _____ (1981). «Trinta anos de poesía crítica (1936-1966): A protesta de trinta poetas» e «Literatura galega na emigración e no exilio». *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...* Sada: O Castro.
- _____ (1993). “*Manifestos*” *en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962)*, A Coruña: RAG.
- _____ (1994). *As palabras no exilio: biografía intelectual de Luís Seoane*. Vigo: Xerais.
- [187]** _____ (1995). *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (1995). «O libro galego en Bos Aires. Dúas décadas prodixiosas (1939-1959)». VV.AA. *A Galicia Exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Allegue, Gonzalo (1993). *Eduardo Blanco Amor (biografía). Diante dun xuíz ausente*. Vigo: Nigra.
- Axeitos, Xosé Luís e Charo Portela Yáñez, eds. (1999). *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano. Actas do congreso internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela. 16, 17 e 18 de marzo de 1999*. Sada: O Castro.
- Axeitos, Xosé Luís (2001). «Literatura e cultura na emigración». Tarrío Varela, Anxo, coord. *Galicia. Literatura*. Vol. XXXII: *O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil*. A Coruña: Hércules. 448-479; 494-495.
- Cacheiro Varela, Maximino (1992). *América na poesía galega*. A Coruña: Deputación Provincial.
- Cagiao Vila, Pilar, comp. (1999). *Galegos en América e Americanos en Galicia: As colectividades inmigrantes en América e a súa impronta na sociedade galega. Séculos XIX-XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cagiao Vila, Pilar e Xosé Manuel Núñez Seixas, eds. (2006). *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Santiago de Compostela: O Castro.
- Cal Martínez, Rosa e María del Carmen Pérez Pais (1993). *Repertorio bibliográfico sobre a prensa galega*. Santiago de Compostela: Lea.
- Clementi, Hebe, coord. (1991): *Inmigración española en la Argentina (Seminario 1990)*, Bos Aires: Oficina Cultural de la Embajada de España en la Argentina.

- Cupeiro Vázquez, Bieito (1989). *A Galiza de alén mar*. Sada: O Castro.
- Eiras Roel, Antonio e Ofelia Rey Castelao (1992). *Los gallegos y América*. Madrid: Mapfre.
- Fernández Santiago, Marcelino Xulio (1995). «Unha aproximación á consideración social dos emigrantes galegos en Arxentina», *Grial*, 125: 95-114.
- Fernández Santiago, Marcelino Xulio (1999). «Consideración social e asociacionismo étnico: os inmigrantes galegos en Arxentina». Cagiao Vila, Pilar, comp. (1999). *Galegos en América e Americanos en Galicia: As colectividades inmigrantes en América e a súa impronta na sociedade galega. Séculos XIX-XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 191-215.
- Fernández Teixeira, Manuel María (1992). «O tema da emigración na poesía galega». *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, nº 3. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 30.
- [188]** Freire Freire, (2002). *Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galiza emigrante*. Lugo: Brigadas en Defensa do Património Chairego.
- García Domínguez, María Teresa (1995). «Algunhas consideracións sobre o proceso migratorio da Costa da Morte: Os emigrantes da zona de Fisterra cara a América no século XX a través das fontes censuais». *Estudios migratorios*, nº 1. Santiago de Compostela, Arquivo de Emigración do Consello da Cultura Galega (12.1995).
- González Fernández, Helena (1994). *Luis Seoane: vida e obra*. Vigo: Galaxia.
- Juana, Jesús de e Xavier Castro, eds. (1990). *V Xornadas da Historia de Galicia. Galicia y América: el papel de la emigración*. Ourense: Deputación Provincial.
- López Taboada, Xosé Antonio (1993). *Arxentina: destino da emigración española e galega no século XIX e primeira década do XX*. Vigo: Unipro.
- Luca de Tena, Gustavo (1993). *Noticias de América*. Vigo: Nigra.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995) *Literatura na diáspora bonaerense*. Vigo: A Nosa Terra / AS-PG (Asociación Socio-Pedagóxica Galega).
- Magariños, Alfonso (1999). *A Emigración: Modernización e Cambio Social na Galicia Contemporánea 1900-1936*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- _____ (2000). *A obra educativa e cultural dos emigrados. Prensa da Emigración e Sociedades de Instrucción en Galicia: 1900-1936*. Sada: O Castro.
- Neira Vilas, Xosé (1994), *Memoria da emigración, I*. Sada: O Castro.
- _____ (1995), *Memoria da emigración, II*. Sada: O Castro.
- _____, coord. (1995). *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires*. Sada: O Castro.
- _____ (1996), *Memoria da emigración, III*. Sada: O Castro.
- _____ (1999), *Crónicas galegas de América (Rolda primeira)*. Sada: O Castro.
- _____ (2000), *Crónicas galegas de América (Rolda segunda)*. Sada: O Castro.
- _____ (2001), *Crónicas galegas de América (Rolda terceira)*. Sada: O Castro.
- _____ (2001), *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960. Discurso lido o día 17 de novembro de 2001, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Xosé Neira Vilas e resposta do Excelentísimo Señor Don Xesús Alonso Montero*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Núñez Seixas, Xosé Manuel (1992). *O galeguismo en América, 1879-1936*. Sada: O Castro.
- _____ (1992). «A Fouce e o nacionalismo galego en Buenos Aires (1926-1936)». *A Fouce. Periódico Galego*. Edición Facsímile Vigo: Nova Galicia Edicións.
- _____ (1998). *Emigrantes, caciques e indianos*. Vigo: Xerais.

- Núñez Seixas, Xosé Manuel e Raúl Soutelo Vázquez (2005). *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos 1919-1971*. Vigo: Galaxia.
- [189] Palmás, Ricardo (1978). *A emigración galega na Argentina*. Sada: O Castro.
- Peña Saavedra, Vicente, coord. (1993). *Galicia-América. Relacións históricas e retos de futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Peña Saavedra, Vicente, dir. (1998). *Repertorio da prensa galega da emigración*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo da Emigración.
- Pérez Leira, Lois. *Galegos na Arxentina. Galegas na Arxentina. Unha ollada fotográfica*. Vigo: Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza (FESGA).
- Pérez-Prado, Antonio (1973). *Los gallegos y Buenos Aires*. Buenos Aires: La Bastilla.
- Rodino Lalín, Hugo José (1989). «As editoriais galegas en Bós Aires». *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*. nº 1. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 49-71.
- _____ (1991). «Asociacionismo gallego en Buenos Aires (1879-1960)». Clementi, Hebe, coord. (1991): *Inmigración española en la Argentina (Seminario 1990)*, Bos Aires: Oficina Cultural de la Embajada de España en la Argentina.
- Rodríguez Galdo, María Xosé (1993). *Galicia, país de emigración: la emigración gallega a América hasta 1930*. Colombres (Asturias): Fundación Archivo de Indianos.
- (1992). *Galicia en América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consello a Cultura Galega.
- Sánchez Albornoz, Nicolás, comp. (1991). *El destierro español en América. Un trasvase cultural*. Madrid: Instituto de Cooperación Iberoamericana.
- Sánchez Alonso, Blanca (1995). *Las causas de la emigración española 1880-1930*. Madrid: Alianza Editorial.
- Sánchez Millares, Eduardo e Graciana Vázquez Villanueva (1993). *Medio siglo en la historia del Centro Gallego de Buenos Aires*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Sixirei Paredes, Carlos (1988). *A Emigración*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1992). «O nacionalismo na emigración». *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 117-123.
- _____ (1995). *Galeguidade e cultura no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- _____ (2001). «Introducción breve ao fenómeno histórico da emigración galega». Sixirei Paredes, Carlos; Xosé Ramón Campos Álvarez e Enrique Fernández Martínez, *Asociacionismo Galego no exterior, I*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 33-83.
- Tarrío Varela, Anxo (1995). «A literatura galega na Galicia exterior». VV.AA. *A Galicia Exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- [190] Torres Regueiro, Xesús (1990). «O ‘Centro Betanzos’ de Bos Aires. Cen anos de vida, 1905-2005». *Anuario Brigantino 2004*, nº 27, Betanzos. 325-370.
- Varela Iglesias, Xosé Luís, ed. (1995). *A literatura do exilio galego en América*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas.
- Vázquez González, Alejandro. «Algúns aspectos do transporte da emigración galega a América». Juana, Jesús de e Xavier Castro, eds. [1990], *V Xornadas da Historia de Galicia. Galicia y América: el papel de la emigración*. Ourense: Deputación Provincial.
- Vilanova Rodríguez, Alberto (1966). *Los Gallegos en la Argentina*. Buenos Aires: Galicia. Vol. II.

- Vilavedra, Dolores, (2001). «A emigración galega a Arxentina na narrativa galega». *Estudios Migratorios*, nº 11-12. Santiago de Compostela: Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega. 303-317.
- Villar, Miro (1995). *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón*. Edición e estudio. Sada: O Castro.
- Villares Paz, Ramón e Marcelino Fernández Santiago (1996), *Historia da emigración galega a América*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- VV. AA. (1959). *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*. Buenos Aires: Nós.
- VV. AA. (1992). *Galicia e América. Cinco Siglos de Historia*. A Coruña: Consello da Cultura Galega e Comisionado Director do V Centenario, Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno da Xunta de Galicia.
- Zubillaga, Carlos (2001). «Relaciones alpinas: Los gallegos inmigrados en Buenos Aires y Montevideo». Núñez Seixas, Xosé Manuel, ed. (2001). *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires: Biblos.
- Zuleta Álvarez, Emilia de (1983). *Relaciones literarias entre España y la Argentina*. Madrid: Ediciones Cultura Hispánica del Instituto e Cooperación Iberoamericana.
- _____ (1999). *Españoles en la Argentina. El exilio literario de 1936*. Buenos Aires: Atril.

GRAVACIÓNS SONORAS

- Conversa co escritor Xosé Neira Vilas. Gres (Vila de Cruces): Fundación Neira Vilas. Gravación efectuada o 5 de abril de 1997.
- Conversa con Bernaldo Souto, militante da Sociedade Nazolista Pondal (SNP) de Bos Aires. Santiago de Compostela: Sede Nacional da Confederación Intersindical Galega (CIG). Gravación efectuada o 28 de outubro de 1999.